*Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido a representación sindical, así como, os informes emitidos pola intervención municipal e secretaría de datas 04.11.2019 e 05.11.2019, respectivamente. Respecto destes, cómpre significar que se trata dunha contratación excepcional, en canto se trata da substitución derivada da baixa médica dunha traballadora, non previsible polo tanto a priori e que non é susceptible de ser cuberta co persoal existente por canto non existe outro profesional desas características no cadro de persoal do Concello, nun centro, a UAD de Cangas, que está conveniado coa Xunta de Galicia coa obriga de manter un mínimo de atención aos usuarios, obriga que non se cumpriría de non proceder á cobertura da citada baixa e tendo en conta que o servizo público que se presta resulta esencial, tendo en conta que o servizo que se presta é aos usuarios aos que este vai dirixido, poderían verse afectados negativamente pola redución de persoal existente de manterse ésta no tempo como xa sinalaba no informe do coordinador e responsable médico da unidade, que figura incorporado ao presente expediente de data 09.10.2018.*

*Motivos os expostos polo que procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal que figura na proposta, levantando o reparo suspensivo formulado por intervención en virtude deste carácter esencia, urxente e inaprazable.*

*Debe tomarse en consideración ademais que contrariamente ao sinalado pola intervención no seu informe a praza que se pretende cubrir está recollida no cadro de persoal do Concello incorporado aos orzamentos vixentes do Concello como persoal laboral (BOPPO nº 106, de 04.06.2018) coa indicación de posto de traballo, categoría, como auxiliar de clínica e co grupo nivel que figuran nas bases, motivo polo que estas prevén, tratándose dunha substitución, a contratación laboral é respecto á redución do prazo de emenda ao que se refire o secretario, cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como diversos prazos ou temario só están predeterminados normativamente respecto á selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira, se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada, mentres que pola contra os prazos propostos non eliminan o dereito dos aspirantes.*

*Respecto á modalidade contractual a base primeira recolle a modalidade de contrato temporal, debendo recordar que trala reforma laboral se reduciron as modalidades contractuais existentes, sendo as dúas principais o contrato indefinido e contrato temporal, sen prexuízo da incorporación de cláusulas específicas en función das circunstancias da temporalidade en cuestión, no caso que nos ocupa a mesma base primeira se refire a substitución dunha traballadora en situación de IT. A guía SEPE de 2019, á que fai referencia o secretario no seu informe, define, na súa páxina 53, o contrato temporal do seguinte xeito: 'O contrato temporal é aquel que ten por obxecto o establecemento dunha relación laboral*





*entre empresario e traballador por un tempo determinado. O contrato de traballo temporal poderá realizarse a xornada completa ou parcial. O contrato de traballo temporal formalizarase por escrito, poderá ser verbal cuando na situación de eventual por circunstancias da produción a duración deste sexa inferior a catro semanas e á xornada completa'.*

*Como se trata dunha contratación para a cobertura interina dunha baixa por IT, non existe risco de incorrer no que o secretario reflicte como estruturalidade, se ben en aras da axilidade para supostos futuros debe preverse a lista de agarda que recollen as bases non tendo estas unha duración indefinida senón de dous anos, se ben cabería a súa prórroga en función da aprobación dunha nova lista de agarda que, en calquera caso, estaría esta limitada pola aplicación da normativa xeral de procedemento administrativo, polo que non cabe falar de indefinición na súa duración.*

*Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local, en función do disposto no Decreto 1135-2019, de 17 de xullo de 2019.*

*En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:*

#### **PROPOSTA**

*PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de data 04/112019, con base na motivación exposta.*

*SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de unha praza de auxiliar de clínica na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Cangas, clasificada como grupo IV, nivel 16, por mor da baixa por IT da traballadora con dereito a reserva do posto de traballo que a está a ocupar actualmente mediante unha contratación laboral temporal polo período de duración da baixa e no mesmo réxime da praza que se substitúe, bases que literalmente din:*

#### **'BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 AUXILIAR DE CLÍNICA PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA**

##### **PRIMEIRA. OBXECTO E RÉXIME DE CONTRATACIÓN**

*O obxecto da presente convocatoria é a provisión polo sistema de oposición libre coas características que se indican nas presentes bases de unha praza de auxiliar de clínica na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Cangas, clasificada como grupo IV, nivel 16, por mor da baixa por IT da traballadora con dereito a reserva do posto de traballo que a está a ocupar actualmente mediante unha contratación laboral temporal polo período de duración da baixa e no mesmo réxime da praza que se substitúe.*

*Cos/coas aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, así como, para cubrir as futuras necesidades de contratación que se poidan producir de persoal laboral temporal para prazas de auxiliar de clínica para a Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Cangas, durante os dous anos seguintes, a contar desde a data de aprobación da resolución que poña fin ao*





*proceso selectivo, prazo que poderá ser prorrogado ata a confección dun novo listado.*

*Para o suposto de que se produza a reincorporación da traballadora a substituír antes do remate do proceso selectivo non se dará a condición precisa para a contratación da persoa seleccionada polo que esta persoa, encabezando a lista de agarda que se aprobe, será obxecto do primeiro chamamento que se produza durante o período de vixencia da lista.*

*Ás persoas seleccionadas seralles da aplicación o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Cangas.*

#### **SEGUNDA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

*As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>), durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra. O taboleiro de anuncios municipal será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

*Durante o período de presentación de instancias poderán presentarse reclamacións fronte as bases. De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.*

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES**

*Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

- a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico de técnico/técnica en coidados auxiliares de enfermería (ciclo formativo de grao medio, rama sanitaria) ou formación profesional de primeiro grao, na súa rama sanitaria, ou equivalente. En todo caso a equivalencia deberá ser acreditada polo/pola aspirante. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.*
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- h) Ter satisfeito as taxas por dereitos de exame.*

#### **CUARTA.- DEREITOS DE EXAME**





*Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dos céntimos (8,52 €)( deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello).*

#### **QUINTA.- SOLICITUDES E MODO DE PRESENTACIÓN DESTAS**

*Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro de xeral de entrada do Concello de Cangas, no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e en horario de atención ao público de 9:30h. a 13:30h. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial coa referencia AUXILIAR DE CLÍNICA e incluíndo nome, apelidos, domicilio a efectos de notificación, enderezo electrónico e teléfono.*

*Este modelo inclúe a declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena pola persoa seleccionada ou no momento de ser chamado/chamada en base ao listado de substitucións que se constituía. Malia isto deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.*

*Xunto coa instancia no modelo oficial presentárase o resguardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia simple do DNI e fotocopia da titulación requirida.  
A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.*

*Aqueles aspirantes que desexasen quedar exentos da proba de galego presentarán ademais a documentación que segundo a base relativa a esta proba dá dereito a esta exención.*

*Os/As aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.*

*No suposto de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir unha copia da instancia rexistrada na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, ao enderezo electrónico [xuridico@cangas.gal](mailto:xuridico@cangas.gal).*

*Os/As aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, indicando as adaptacións de tempo e medios precisos de acordo coa normativa de aplicación para garantir a igualdade de oportunidades co resto de participantes.*

*Ademais na solicitude deberase indicar se se opta pola realización do exercicio en castelán. Se non se sinala nada entenderase que a lingua elixida é a galega. Por motivos de operatividade, unha vez escollido un idioma non se permite a súa modificación.*

#### **SEXTA.– ADMISIÓN DOS ASPIRANTES**

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da*





*publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello.*

*O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmentemente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.*

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.*

*Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*Así mesmo, os/as aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.*

*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.*

#### **OITAVA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

*O sistema de selección será a oposición libre mediante a realización das dúas probas seguintes:*

##### **1ª.- PROBA DE COÑECEMENTOS PRÁCTICOS**

*Consistirá na realización dun exame tipo test de 50 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos, sendo a puntuación máxima 10 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá catro preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán*







*para resolver os posibles empates.*

#### **TEMARIO**

**TEMA 1.- O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. DIFERENTES TIPOS DE ADMINISTRACIÓN: CENTRAL, AUTONÓMICA, LOCAL E INSTITUCIONAL.**

**TEMA 2.- A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DE CANGAS. COMPETENCIAS DO CONCELLO EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS.**

**TEMA 3.- FUNCÍONS DOS AUXILIARES DE CLÍNICA NUN CENTRO DE DROGODEPENDENCIAS. ADMINISTRACIÓN E CONTROL DE MEDICAMENTOS.**

**TEMA 4.- PROTOCOLOS DE ABORDAXE DA PATOLOXÍA ORGÁNICA DO PLAN GALICIA SOBRE DROGAS: TUBERCULOSE. VIH-SIDA. HEPATITE. PROTOCOLO DE TRATAMENTO PARA XESTANTES DROGODEPENDENTES.**

**TEMA 5.- DEREITOS E DEBERES INDIVIDUAIS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS NO TÍTULO VI DA LEI 2/2015, DE 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA. A SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO.**

#### **2ª.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA**

*Os aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinale o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega.*

*Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego ou a inversa de non menos de dez liñas, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan perante o tribunal de selección o título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación (achegarase copia compulsada).*

#### **NOVENA.- CUALIFICACIÓN E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

*Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso. No suposto de empate na cualificación final de dous ou mais aspirantes, este resolverase en primeiro lugar tomando en consideración as preguntas reserva, de persistir este por sorteo entre os aspirantes empatados.*

*A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta que incluirá o nome do/da aspirante proposto/proposta para ser contratado/contratada e a proposta de listado de substitucións que estará constituído por todos/todas aqueles/aquelas aspirantes que teñan superado a puntuación mínima aínda que non obtivesen praza por orde de puntuación.*

*O Concello de Cangas procederá á contratación temporal do/da candidato/candidata que obtivera a maior puntuación sempre e cando se dea a circunstancia, baixa do traballador, que motiva o presente proceso selectivo.*

#### **DÉCIMA.– LISTA DE AGARDA**





*O tribunal incluíra na súa proposta unha lista de agarda que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes que obtiveron a contratación, así como para cubrir as novas necesidades de contratación do persoal laboral temporal do servizo durante os dous anos a contar desde a data na que se aprobe a resolución que poña fin ao proceso selectivo, ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo, entendendo que a persoa seleccionada formará parte dese listado encabezando este.*

*As contratacións que se efectúen con base en tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.*

*A renuncia inxustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmentemente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.*

*O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que, cumpridos seis meses de contrato por este listado pasarase ao seguinte integrante da lista.*

*Este chamamento efectuarase dun xeito que deixe constancia deste, se ben por motivos de urxencia poderá realizarse telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán a tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao negociado de persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.*

*As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo negociado de persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.*

#### **UNDÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES**

*As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.*

*O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias á que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas respecto aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria e para o bo desenvolvemento do proceso.*

#### **DUODÉCIMA.- NORMA FINAL**

*As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.*

*Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ao previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*







Concello de Cangas

*ANEXO I*

*INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 AUXILIAR DE CLÍNICA PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA*

*APELIDOS, NOME:*

*TELÉFONO:*

*DNI:*

*ENDEREZO:*

*ENDEREZO ELECTRÓNICO:*

*Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira.*

*Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.*

*Cangas, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019*

*Asdo. : \_\_\_\_\_*

*DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:*

*A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*

*Fotocopia do DNI.*

*Fotocopia da titulación esixida.*

*Xustificante acreditativo do pago das taxas.*

*No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego*

*De precisar o primeiro exercicio da oposición en castelán (base quinta) risque o recadro.*

*No caso de aspirantes con discapacidade acompañar acreditación da mesma e sinalar as adaptacións de tempo e medios precisos de acordo coa normativa de aplicación para garantir a igualdade de oportunidades co resto de participantes (base quinta):*

*ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS´*

*TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3ZWCJA76C2S5TZDHXXWDLWPM | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 27



Concello de Cangas

*CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

**Expediente 6240/2019. Proposta da alcaldía para contratación da obra "Nave-garaxe protección civil" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 11.11.2019 da alcaldía, referente á contratación da obra "Nave-garaxe protección civil", que é como segue:

*"PROPOSTA ALCALDÍA*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra '6240/2019\_Nave-garaxe protección civil'.*

*Visto o escrito do responsable do servizo municipal de protección civil, C.C.P. en data 25 de outubro de 2019, polo que se expón a necesidade dunha instalación para resgardar os medios.*

*Tendo en conta o proxecto técnico 'ALPENDRE EDIFICACIÓN AUXILIAR PARA GARAXE GRANXA DA RÚA-A RÚA-COIRO-CANGAS', redactado pola arquitecta, I.M.F.en setembro de 2019.*

*Vistas as ofertas presentadas polas seguintes empresas:*

- *EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL, con NIF nº B36405926. Oferta corenta e un mil noventa e oito euros con oitenta e oito céntimos (41.098,88 €), IVE engadido.*
- *CATORVI EXCAVACIONES SL, con NIF nº B94124906. Oferta corenta e tres mil douscentos sesenta e cinco euros con cincuenta e tres céntimos (43.265,53 €), IVE engadido.*
- *CONSTRUCCIONES HERMELO SLU, con NIF nº B36202851. Oferta corenta e dous*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3ZWCJA76C25STZDHXXWDLEWPM | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 27



*mil cento oitenta e tres euros con oitenta e nove céntimos (42.183,89 €) IVE engadido.*

*Considerando o disposto na Disposición Adicional Segunda, no Decreto 1134-2019, de 17 de xullo de 2019, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o proxecto técnico 'ALPENDRE EDIFICACIÓN AUXILIAR PARA GARAXE GRANXA DA RÚA-A RÚA-COIRO-CANGAS' redactado pola arquitecta, I.M.F.en setembro de 2019.*

**SEGUNDO.-** *Adxudicar á empresa 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO S',L con NIF nº B36405926, por importe de corenta e un mil noventa e oito euros con oitenta e oito céntimos (41.098,88 €), IVE incluído, o contrato de obra de 'Nave-Garaxe protección civil', por ser a oferta mais ventaxosa.*

**TERCEIRO.-** *Dispoñer o gasto do orzamento municipal.*

**CUARTO.-** *Nomear á arquitecta I.M.F., como directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde.*

**QUINTO.-** *Notificar a 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', con NIF nº B36405926, a adxudicación do contrato.*

**SEXTO.-** *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades**

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte decreto da alcaldía número 2019-1827 de data 31.10.2019 , referente á comunicacións previas de obras e actividades, que





é como segue:

*"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ten por obxecto facer efectivo un espazo interior sen fronteiras no que afecta os servizos, procedendo a eliminar aquelas barreiras que obstaculicen o desenvolvemento de tales actividades de servizos entre os Estados Membros. A Directiva establece que tales actividades só poderán quedar supeditadas á obtención dunha autorización por parte das autoridades competentes no caso de que devandito acto cumpra cos criterios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade. Así calquera restrición ao acceso ou á prestación de servizos no ámbito municipal ha de ser considerada como unha excepción á liberdade de acceso e prestación e, por conseguinte, ha de ampararse nos principios anteriores que han de ser aplicados a efectos de regular o réxime de intervención municipal.*

*Neste contexto normativo, debemos engadir que, no noso ámbito autonómico, a Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e o Decreto 143/2016 de 22 de setembro de 2016 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento establece un réxime urbanístico no cal existen determinadas actuacións con relevancia territorial que están suxeitas como mínimo a comunicación previa, disposicións de obrigado respecto para as entidades locais desta Comunidade Autónoma.*

*A nivel competencial local, o decreto de 2 de xullo de 2015 delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía 'A concesión ou denegación das licenzas urbanísticas e as súas modificacións, reservándose a Alcaldía o requerimento para a subsanación de deficiencias, ordes de execución e as resolucións de caducidade ou arquivo por calquera causa'.*

*Resultando que dentro da citada Resolución non se contempla o réxime das comunicacións previas introducidas pola lei do solo de Galicia 2/2016, de 10 de febreiro de 2016, como título habilitante de natureza urbanística regulándose o réxime de intervención municipal das mesmas nos artigos 360 e seguintes do Regulamento do solo 143/2016, de 22 de setembro.*

*Considerando a toma de coñecemento pola Xunta de Goberno Local como un trámite informativo para os membros da Corporación Municipal amparado polo disposto no punto 8 da Resolución de Alcaldía citada.*

*Considerando a non constitución da Xunta de Goberno Local, e ata a constitución da mesma*

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Tomar coñecemento das comunicacións previas de obras presentadas nos seguintes expedientes

<u>EXPEDIENTE</u>	<u>TITULAR</u>	<u>C.P</u>
5298/2019	GESTIÓN INMUEBLES COSTA BLANCA SLU	Rehabilitación vivenda
4375/2019	COMU. PROPIET. EDIFICIO AS XEGADAS	Tratamento fachada

**SEGUNDO.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local do Concello a





Concello de Cangas

*efectos de que quede informado do seu contido'.*

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3ZWQJA76C25STZDHXXWDLEWPM | Corrección: <http://cangas.sedelectronica-gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27